

ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO MUNICIPAL DE SOARES E EDIFICACIÓNS EN SITUACIÓN DE RUÍNA





EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO I.

DISPOSICIÓN XERAIS

Art. 1. Obxecto

TÍTULO II.

OBRIGAS DAS PROPIETARIAS/OS DE TERREOS E CONSTRUCIÓNS

Art. 2. Deberes de uso, conservación e rehabilitación

Art. 3.- Ordes de execución

TÍTULO III.

ORDES DE EXECUCIÓN

Art. 4. Natureza do Rexistro

Art. 5. Ámbito de aplicación

Art. 6. Inmobles susceptibles de inclusión

Art. 7. Procedemento de inclusión de inmobles

Art. 8. Inscripción

TÍTULO IV.

DO LIBRO DE REXISTRO

Art. 9. Concepto

Art. 10. Organización

Art. 11. Seccións

Art. 12. Competencias

Art. 13. Datos rexistrábeis

Art. 14. Inscripción

Art. 15. Cancelación de asentos

TÍTULO V.

DA PUBLICIDADE E ACCESO Ó REXISTRO MUNICIPAL DE SOARES

Art. 16. Rexistro Público

Art. 17. Comunicación ó Rexistro da Propiedade

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Réxime aplicable ós expedientes anteriores á entrada en vigor da ordenanza

DISPOSICIÓN FINAL

Entrada en vigor



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente ordenanza ten por obxecto a creación do Rexistro Municipal de Soares do Concello de Pontecesures, entendido este como ferramenta orientada á rehabilitación, rexeneración e conservación urbana. Do mesmo xeito, regular a organización e funcionamento do mesmo, co fin de engadir nel os soares e as construcións en ruína e aquelas sobre as que non se realizaron as obrigas que recollen os artigos 135 e seguintes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG), unha vez constatado que as medidas de execución forzosa resultan ineficaces para o seu cumprimento.

A Constitución Española reconece no seu artigo 33 o dereito de propiedade privada de xeito limitado, toda vez que a función social que debe cumprir delimítase dacordo de acordo coas leis. No artigo 47, advirte que os poderes públicos establecerán as normas pertinentes para facer efectivo o dereito a gozar dunha vivenda digna e axeitada, regulando a utilización do solo conforme o interese xeral co fin de impedir a especulación.

No ámbito autonómico, a Lei 2/2016, do solo de Galicia (en diante, LSG), recolle no artigo 12 as competencias propias da administración local en materia de elaboración do planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística e conservación e rehabilitación de edificación, podendo exercer as súas competencias directamente ou por delegación de conformidade ó disposto na lei.

No artigo 20.e) da mesma lei, recolle o deber das/os propietarias/os de solo urbano consolidado a conservar e rehabilitar, de ser o caso, a edificación de acordo coas condicións establecidas no artigo 135, no que se establece, entre outros, o deber das persoas propietarias de conservar os terreos, as construcións, os edificios e as instalacións nas condicións de seguridade, salubridade, acceso universal e ornato legalmente esixibles

As Administracións Locais, para obrigar ás persoas propietarias dos inmobles a cumprir co disposto no artigo 135, sexa de oficio ou a instancia dunha terceira persoa interesada, ditarán ordes de execución conforme ó establecido no artigo 136 da LSG.

O estado deficiente de numerosos inmobles no Concello de Pontecesures é unha realidade que repercute negativamente na imaxe xeral da vila, en cuxo casco urbano concéntrase a meirande parte das vivendas abandonadas e, moitas delas, nunhas condicións de seguridade, salubridade e ornato público cando menos, deficientes. Esta situación afecta, principalmente, ás veciñas e veciños lindeiros das mesmas polos problemas de seguridade e salubridade que se desprenden do seu estado, pero tamén á veciñanza en xeral, a cal sofre no seu día a día o impacto de convivir nun entorno degradado, e á propia administración local, que, pese a poñer en marcha campañas de limpeza e ornato dos espazos públicos e realizar inversións en obras e servizos de mellora do entorno, atópase cunha situación que repercute negativamente no resultado final



que se procura con elas: a mellora da contorna como espazo de convivencia que repercuta positivamente na veciñanza.

Do mesmo xeito, a Administración local enfróntase en canto á tramitación de expedientes derivados do estado deficiente de conservación dos inmobles que se localizan no termo municipal con diversas dificultades: a complexa localización das persoas propietarias; a identificación incorrecta dos inmobles ou a negativa das persoas propietarias a cumprir co establecido na normativa; ... Asemade, no caso de que sexa o concello o que teña que exercer as súas potestades para a execución subsidiaria das ordes de execución co fin de garantir a seguridade das persoas e evitar danos ós bens públicos e privados, derivados do mal estado de conservación, a entidade local asume uns gastos que serán, inicialmente, afrontados con cargo ós orzamentos municipais, co que ilo supón nas entidades locais de menor tamaño en canto a superficie, habitantes e capacidade orzamentaria. A recuperación desta inversión antóllase complexa por diversas casuísticas: ausencia de persoas propietarias, negativa das persoas propietarias identificadas a facerse cargo dos gastos, e outras de natureza similar que, na práctica, acaban facendo imposible recuperar a inversión municipal.

A normativa urbanística establece os mecanismos para facer fronte a este tipo de problemáticas; para a súa aplicación, é necesario que a entidade local dispoña do Rexistro Municipal de Soares. No artigo 137 da LSG establécese que os concellos poderán crear un rexistro de soares, no cal incluíranse os soares e construcións en ruína ou aqueles inmobles sobre os que non se realizasen as obrigas contempladas na propia normativa, unha vez constatado que as medidas de execución forzosa resultan ineficaces para o seu cumprimento. Nos artigos 138 e 139 da LSG regúlase a venda forzosa e as obrigas dos adquirentes para aqueles municipios que contén co rexistro de soares.

O instrumento xurídico para crear o rexistro de soares é a aprobación dunha ordenanza reguladora no exercicio da potestade regulamentaria recollida no artigo 4.1) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O fin da presente ordenanza é a creación do Rexistro Municipal de Soares do Concello de Pontecesures, entendida esta como unha ferramenta orientada á rehabilitación, rexeneración e conservación urbana, regulando a súa organización e funcionamento, engadindo os soares e as construcións en ruína ou aquelas sobre as que non se realizaron as obrigas estipuladas no artigo 135 e sucesivos da LSG, cando a execución forzosa resulta ineficaz para o seu cumprimento.

A presente ordenanza adecúase ós principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Cumpre, tamén, os principios de necesidade e eficacia, xa que a iniciativa normativa está xustificada nunha razón de interese xeral, como ferramenta de fomento da rehabilitación, rexeneración e conservación dos núcleos de poboación do Concello de Pontecesures. Cumpre o principio de proporcionalidade, empregando o Concello de Pontecesures unha potestade atribuída por unha norma con rango legal



que actúa soamente no caso de incumprimento das súas obrigas por parte das persoas propietarias dos inmobles.

Co fin de garantir o principio de seguridade xurídica, a ordenanza é coherente co resto do ordenamento xurídico, xerando un marco estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilite o seu coñecemento e comprensión por parte da veciñanza.

Por último, cumpre o principio de eficiencia, pretendendo a ordenanza evitar cargas administrativas innecesarias e/ou accesorias e, coa súa aplicación, racionalizar a xestión dos recursos públicos.

TÍTULO I.

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

A presente ordenanza ten por obxecto a creación do Rexistro Municipal de Soares do Concello de Pontecesures, entendido este como ferramenta orientada á rehabilitación, rexeneración e conservación urbana. Do mesmo xeito, regular a organización e funcionamento do mesmo, co fin de engadir nel os soares e as construcións en ruína e aquelas sobre as que non se realizaron as obrigas que recollen os artigos 135 e seguintes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG), unha vez constatado que as medidas de execución forzosa resultan ineficaces para o seu cumprimento.

TÍTULO II.

OBRIGAS DAS/OS PROPIETARIAS/OS DE TERREOS E CONSTRUCIÓNS

Artigo 2. Deberes de uso, conservación e rehabilitación

O artigo 135 da LSG, establece como deberes das persoas propietarias de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións, o seguinte:

- a) Empezar a edificación ou rehabilitación nos termos e prazos que establece a lexislación vixente. O deber de edificar inclúe o deber das/os propietarias/os de rematar as edificacións para cuxa execución obtiveron a preceptiva licenza.
- b) Destinalos ós usos compatibles coa ordenación territorial e urbanística.
- c) Conservalos nas condicións legais para servirles de soporte a ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato, legalmente esixibles.



- d) Realizar os traballos e as obras necesarias para satisfacer os requisitos básicos de edificacións que establezan as normas legais esixibles en cada momento.
- e) Realizar as obras adicionais por motivos turísticos ou culturais ou co fin de mellorar a calidade e sustentabilidade do medio urbano.

O deber de conservación a cargo das persoas propietarias alcanza ata o importe correspondente á metade do valor actual de construción dun inmovle de nova planta, equivalente ao orixinal en características construtivas e superficie útil, realizado coas condicións precisas para que a súa ocupación sexa autorizable ou, no seu caso, en condicións de ser destinado, legalmente, ó uso que lle sexa propio.

As persoas propietarias de terreos conservarán e manterán o chan natural e, de ser o caso, a masa vexetal, nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios; no mesmo senso, impedirán a contaminación da terra, aire e auga, e demais condicións que determine a lexislación vixente en cada momento.

O cumprimento do deber de edificar corresponde ó propietario. A transmisión de fincas non modifica a situación do seu titular respecto dos deberes establecidos pola lexislación urbanística ou dos esixidos polos actos de execución da mesma. A nova persoa titular queda subrogada nos dereitos e deberes urbanísticos da anterior, así como nos compromisos que esta tivese adquirido coa Administración urbanística.

Artigo 3. Ordes de execución

Os concellos ditarán ordes de execución, conforme ó establecido no artigo 136 da LSG, que obriguen ás persoas propietarias dos bens inmoables a:

- a) Realizar as actuacións necesarias para darlle o debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo 135 da LSG.
- b) Realizar as actuacións necesarias para adaptar as edificacións e construcións á contorna, conforme ó establecido no artigo 91 da LSG.

TÍTULO III. DO REXISTRO DE SOARES

Artigo 4. Natureza do Rexistro

O Rexistro Municipal de Soares, ten a consideración de rexistro administrativo de carácter público. Está constituído por aqueles inmoables, soares e/ou edificios que fosen, previamente, engadidos nel mediante unha resolución administrativa ó efecto.



Artigo 5. Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación do Rexistro Municipal de Soares abrangue o termo municipal do Concello de Pontecesures.

Artigo 6°. Inmobles susceptibles de inclusión

Son susceptibles de ser engadidos no Rexistro Municipal de Soares os inmobles que se atopan nos seguintes supostos:

1) SOARES

- a) Os soares cuxas persoas propietarias incumprisen a orde de execución de actuacións para garantir as condicións de seguridade e ornato público.
- b) Os soares cuxas persoas propietarias incumpran os deberes de edificación segundo os prazos previstos no planeamento aplicable.

2) EDIFICIOS

- a) Aqueles respecto dos cales incúmprase a obriga de efectuar obras de conservación e rehabilitación derivadas dunha orde de execución.
- b) As edificacións declaradas en ruína no caso de incumprimento do ordenado polo Concello de Pontecesures en tal declaración.
- c) Construcións abandonadas; iniciadas e abandonadas ou suspendidas que, sen causa xustificada, teñen incumplido o prazo da súa terminación ou o prazo máximo de suspensión, previa declaración, se procede, da caducidade da licenza ou da resolución do correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística.

Artigo 7°. Procedemento de inclusión de inmobles

A inclusión no Rexistro Municipal de Soares, efectuarase de oficio ou a instancia de parte interesada.

Realizarse mediante acordo motivado que deberá engadir, cando menos, os datos urbanísticos, catastrais e rexistrábeis que permitan unha identificación inequívoca e o máis completa posible, tanto do inmovible obxecto de inclusión como das posibles persoas propietarias del.

Con carácter previo á inclusión do inmovible no Rexistro Municipal de Soares, constatarase a ineficacia das medidas de execución forzosa das ordes oportunas de execución, edificación, rehabilitación ou conservación.



A inscrición realizarase tras a acreditación do incumprimento do deber urbanístico de emprender a edificación ou de conservación do inmovible, despois do incumprimento das correspondentes ordes de execución ditadas ó efecto ou das ordes de demolición total ou parcial efectuadas na declaración de ruína do inmovible.

A resolución de inicio das ordes de execución ou demolición, advertirá das consecuencias xurídicas do incumprimento da orde que no seu caso se dite. En concreto, do inicio do procedemento para a inclusión do inmovible do Rexistro municipal de Soares.

No caso de incumprimento da orde de execución a Administración municipal procederá a súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas coas condicións previstas na normativa urbanística vixente. Salvo que o Concello opte pola execución subsidiaria.

Unha vez constátase que as medidas de execución forzosa resultaron ineficaces, iníciase o procedemento para a inclusión do inmovible no Rexistro Municipal de Soares do Concello de Pontecesures.

Porén, no caso de que o Concello de Pontecesures considere necesario acometer a execución subsidiaria das obras antes da súa venda forzosa, o procedemento para a inclusión do inmovible no Rexistro Municipal de Soares iníciase unha vez executadas as obras.

Consideraranse ineficaces as medidas de execución forzosa nos seguintes supostos:

- 1) De terse impostas dúas multas coercitivas sen que a persoa/s propietaria/s cumprisen satisfactoriamente os seus deberes urbanísticos.
- 2) De no poder practicar a notificación da orde de execución ou demolición e tendo que ser esta realizada mediante anuncio no BOE, conforme ó establecido no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sempre, isto último, que sexa advertida a inclusión do inmovible no Rexistro Municipal de Soares do Concello de Pontecesures en dito anuncio, e logo de transcorrer o prazo para a execución establecido no mesmo.

No caso de rexeitamento pola persoa interesada da notificación da orde de execución ou demolición, darase por efectuado o trámite e seguirase co procedemento para a inscrición.

- 3) De tratarse dun ben patrimonial dunha Administración Pública e/ou entidade dependente que incumpra a orde de execución debidamente notificada.

O procedemento de inclusión axustarse ó que establece a Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tras o inicio do procedemento de inscrición no rexistro, outorgarase trámite de audiencia por prazo de dez (10) días hábiles.



Realizárase este trámite, respecto das persoas propietarias; titulares de dereitos reais; persoas arrendatarias; ocupantes ou titulares de calquera dereito que consten no Rexistro da Propiedade, no Catastro ou sexa comunicado polas persoas interesadas.

Transcorrido o prazo de audiencia e tramitado o expediente conforme á normativa vixente, a Alcaldía resolverá, mediante decreto, a inclusión do inmovible no Rexistro Municipal de Soares ou, de ser o caso, pronunciarase sobre a improcedencia da inclusión.

A resolución dítase no prazo máximo dun ano dende o inicio do expediente. A mesma, notificarase á persoa/s propietaria/s e demais interesados; o mesmo día que adquira firmeza vía administrativa, poderá realizarse o asento de inclusión no Rexistro Municipal de Soares.

Artigo 8º. Inscripción

A inscrición no Rexistro Municipal de Soares, habilitará ó Concello de Pontecesures para tramitar a venda forzosa do inmovible nos termos que recolle a normativa urbanística.

O concello, no prazo máximo dun ano dende a inclusión do inmovible no Rexistro Municipal de Soares, o sacará a poxa pública co tipo de licitación que resulte da valoración do inmovible. De ser declarada deserta a poxa, o concello, no prazo de seis (6) meses, poderá:

- a) Adquirir o inmovible con destino ó patrimonio público do solo.
- b) Convocar unha nova poxa co mesmo prazo, seis (6) meses, con unha rebaixa do prezo tipo do 25%.

Se a segunda poxa quedara deserta, o concello, no prazo doutros seis (6) meses poderá adquirir o inmovible con destino ó patrimonio público do solo polo prezo de licitación da segunda poxa.

O prezo obtido entregarse á persoa/s propietaria/s á que, en ningún caso, corresponderá unha cantidade superior á valoración do inmovible (ou do prezo tipo rebaixado en segunda poxa), deducidos os gastos e sancións aplicables.

Ós efectos anteriores, valoración do inmovible ou prezo tipo, deberán deducirse:

- a) As sancións aplicables e/ou multas coercitivas firmes en vía administrativa.
- b) Os gastos provocados pola posible execución subsidiaria do deber urbanístico.
- c) Todos os gastos ocasionados no procedemento, incluídos os tributarios, de valoración, tramitación, publicacións e inscrición no Rexistro da Propiedade.

Corresponderalle á Administración local o diferencial conseguido na venda forzosa.

Transcorridos os prazos que establecen os anteriores apartados sen que o concello realizase os trámites correspondentes, a inclusión do inmovible no Rexistro Municipal de



Soares quedará sen efecto, non podendo volver a practicarse a inscrición ata transcorrido o prazo dun ano dende a súa caducidade.

Isto último, sen prexuízo de que, en tanto non se volva a inscribir no rexistro, poderá continuarse co procedemento de execución forzosa correspondente á situación do inmovible nese momento.

A persoa adquirente do soar ou construción no procedemento de venda forzosa, queda obrigada a iniciar e/ou renovar as obras de edificación/rehabilitación no prazo dun ano a partir da data de toma de posesión do predio. O incumprimento por parte da persoa adquirente das obrigas anteriores dará lugar, de novo, á inclusión do inmovible no Rexistro Municipal de Soares.

TÍTULO IV.

DO LIBRO DE REXISTRO

Artigo 9º. Concepto

O Rexistro Municipal de Soares ten carácter público e é creado coa finalidade de engadir os soares e as construcións en ruína, inadecuadas ou paralizadas, como xeito de instrumentar a venda forzosa nos casos de incumprimento dos deberes urbanísticos de edificación, conservación e rehabilitación nos prazos establecidos.

En consonancia cos artigos 137 e 139 da LSG, o incumprimento dos deberes de conservación e rehabilitación de terreos, construcións e edificios determinará a súa inclusión no rexistro citado.

O Libro de Rexistro é o soporte documental no que quedarán inscritos todos os inmoables engadidos no Rexistro Municipal de Soares.

As certificacións que se expidan dos seus datos terán a consideración de documento público a todos os efectos administrativos con valor probatorio.

O Libro de Rexistro estará a cargo da Secretaría Municipal, podendo delegarse a súa xestión no persoal adscrito ó Servizo de Urbanismo municipal.

Establecerase en soporte informático a modo de libro electrónico e integrárase no xestor de expedientes do concello, de xeito análogo ós libros oficiais de actas e resolucións dos órganos municipais. Asemade, garantirá a constancia dos datos e circunstancias detallados nos artigos 10 e 11 desta Ordenanza.



Artigo 10º. Organización

O Libro de Rexistro Municipal de Soares e edificios a rehabilitar, constará de dúas seccións:

- a) Sección soares
- b) Sección de edificacións

Artigo 11º. Seccións

As seccións confeccionaranse conforme ás seguintes regras:

- a) Tanto os soares como os edificios a rehabilitar numeraranse correlativamente por orde de inscrición.
- b) A transcripción dos datos correspondentes a cada inmovle inscrito no rexistro, efectuarase nun documento independente. Efectuada a folla, será legalizada coa sinatura electrónica da persoa responsable da Secretaría do Concello e da Alcaldía.

Artigo 12º. Competencias

De conformidade coa normativa vixente sobre réxime local, correspóndelle á Alcaldía ou á Concellería delegada en materia de urbanismo as seguintes atribucións en relación co Libro de Rexistro Municipal de Soares:

- 1) Iniciar o procedemento de inclusión no Rexistro.
- 2) Acordar, mediante a correspondente resolución, a inscrición de inmoables no Rexistro, así como, a modificación ou cancelación dos asentos correspondentes sen prexuízo de que dita competencia poida ser delegada na Xunta de Goberno Local.

Artigo 13º. Datos rexistrábeis

O Libro de Rexistro Municipal de Soares expresará, respecto de cada edificio ou soar, as seguintes circunstancias:

- a) Situación, extensión e lindeiros da leira.
- b) Identidade e domicilio da persoa/s propietaria/s.
- c) Referencia catastral e datos de inscrición no Rexistro da Propiedade.
- d) Cargas, gravames e situacións xurídicas inscritas no Rexistro da Propiedade con identificación das persoas titulares.



- e) Persoas arrendatarias ou ocupantes do inmovible.
- f) Número de expediente; referencia á resolución da orde de execución, declaración de ruína ou declaración de incumprimento dos deberes urbanísticos, segundo proceda.
- g) Referencia doutras resolucións administrativas que afecten ós inmovibles inscritos.
- h) Resolución de cancelación da inscrición, no caso de cumprimento das obrigas urbanísticas.
- i) As determinacións dos instrumentos de plan urbanístico aplicables que figurarán na cédula urbanística correspondente.
- j) Valoración do inmovible

Artigo 14º. Inscrición

Ordenada a inclusión do inmovible por resolución do órgano municipal competente e notificada esta á persoa/s interesada/s, practicarase de oficio o asento de inscrición no Libro de Rexistro de Soares.

Artigo 15º. Cancelación de asentos

Emendadas definitivamente as circunstancias que motivaron a inclusión do inmovible no Rexistro, poderá realizarse de oficio ou por solicitude de persoa interesada, a cancelación da súa inclusión.

A cancelación da inclusión deberá acordarse mediante resolución municipal debidamente motivada e cos mesmos requisitos esixidos nesta ordenanza para a inclusión.

Se por calquera circunstancia producirase un erro na inclusión dun inmovible no Rexistro, a Administración, de oficio ou por instancia de calquera persoa interesada, cancelará a inclusión na forma que determina o artigo 14, facendo constar, expresamente, o erro na resolución que se dite.

Das resolucións canceladas, sexa cal fora o motivo delas, informarase ó Rexistro da Propiedade para o seu coñecemento e ós efectos oportunos mediante certificación expedida pola Secretaría Municipal.



TÍTULO V.**DA PUBLICIDADE E ACCESO Ó REXISTRO MUNICIPAL DE SOARES****Artigo 16º. Rexistro Público**

O Rexistro Municipal de Soares posúe a natureza de rexistro público de carácter administrativo, polo que deberá manterse en condición de consulta pública, a disposición de calquera cidadán sen que para ese efecto resulte esixible acreditar condición de persoa interesada.

Artigo 17º. Comunicación ó Rexistro da Propiedade

Comunicarase ó Rexistro da Propiedade a resolución de inicio da inscrición no Rexistro Municipal de Soares.

De conformidade co artigo 137 da LSG, a orde de inclusión de inmobles no Rexistro Municipal de Soares notificarase ó Rexistro da Propiedade coa finalidade de divulgar a publicidade rexistrábel da situación urbanística do predio.

Para cumprir tal fin, remitiráselle ó Rexistro da Propiedade un certificado que conteña a transcripción literal da resolución administrativa que ordene engadir o predio no Rexistro Municipal, unha vez firme en vía administrativa e na que conste que se practicaron as notificacións ás persoas titulares rexistrábeis, así como os datos de inscrición no Rexistro administrativo.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA. Réxime aplicable ós expedientes anteriores á entrada en vigor da ordenanza

Aplicaráselle o previsto na presenta ordenanza a aqueles inmobles que xa contén con orde de execución ou de demolición ou con expedientes en tramitación no momento da súa entrada en vigor.

Non sendo preciso, en consecuencia, que as resolucións de inicio daqueles expedientes contén coa advertencia de inclusión no Rexistro de Soares prevista no artigo 7º.

DISPOSICIÓN FINAL. Entrada en vigor

A presente Ordenanza Reguladora do Rexistro Municipal de Soares como Instrumento de Rehabilitación, Conservación e Disciplina Urbanística, entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da provincia e transcorrido o prazo



previsto polo artigo 65.2 da Lei 7/85, permanecendo en vigor ata que o Pleno da Corporación acorde a súa modificación ou derogación.

